



Area / Unidade MOVILIDAD URBANA MU1100C EQL	Documento 85114I00L4	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/5235/2020 07/05/2020
Código de verificación ²2J3H512U0N4E432011SZL» ²2J3H512U0N4E432011SZL» 2J3H 512U 0N4E 4320 11SZ	Expediente 851/2020/95	
	Data 06-05-2020	
Asunto RESOLUCIÓN: Limitación velocidade 10 km/h	Interesado	

ASUNTO: LIMITACIÓN ZONAS VELOCIDAD MÁXIMA 10 KM/H.

Desde que a Organización Mundial da Saúde declarara o pasado mes de xaneiro que a situación en relación ao COVID-19 supoñía unha emerxencia de saúde pública de importancia internacional, e segundo comezaron a aparecer os primeiros casos na Coruña, resultou necesario que as administracións estiveran preparadas para executar, no marco das súas competencias, as medidas que sexan necesarias para protexer a saúde das persoas e atender ao funcionamento dos servizos imprescindibles para minimizar os efectos da crise causada pola que xa se cualificou como pandemia.

Fronte a isto, a Alcaldía-Presidencia ditou con data 12.03.2020 un Decreto polo que se declarou a situación de extraordinaria e urxente necesidade como consecuencia da pandemia provocada polo COVID-19, e se adoptaron medidas precisas para garantir a seguridade e salubridade públicas, o funcionamento dos servizos imprescindibles e, en xeral, todas as que se consideren necesarias para facer fronte á crise sanitaria actual e ás súas consecuencias no municipio da Coruña.

Ao abeiro do establecido no artigo cuarto, apartados b) y d), da Lei Orgánica 4/1981, de 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, con data 14.03.2020, e a través do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, (BOP núm. 67 de 14.03.2020), declárase en todo o territorio nacional o estado de alarma co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, cunha duración inicial de quince días naturais. O Goberno prorrogou o estado de alarma ata o 10 de maio. Á súa vez, o 28 de abril aprobou o denominado Plan para a Transición cara a unha Nova Normalidade, que marca a folla de roteiro da desescalada da reclusión para combater o coronavirus, que empezou o 4 de maio e aplicárase gradualmente en 4 fases de dúas semanas cada unha.

Unha das consecuencias deste plan é o fin do confinamento por franxas de idade e horarios, o que provoca a saída dun gran número de persoas, sobre todo nos horarios permitidos para facer deporte e pasear, o que provoca que o fin do uso dos espazos públicos ocupados, non é o mesmo para o que foi deseñado no seu momento, e por tanto o aforo tamén debe ser recalculado para adaptalo ás novas necesidades temporais e tendo en conta como se propaga e contaxia o virus. Neste sentido as recomendacións municipais



para garantir unha mobilidade segura en rúas e espazos públicos, na maioría de estudos nacionais e internacionais é dunha “distancia social” mínima de 2 metros.

Para asegurar esta “distancia social” o Concello eliminou carrís de circulación de vehículos, incrementando as zonas peonís en diferentes zonas da cidade. Esta medida non se pode aplicar en todos os barrios, polo que se propón a utilización das rúas cun sentido de circulación e un único carril, como rúas cunha limitación de velocidade a 10 km/ h, de maneira que poidan ser de uso compartido polos peóns de forma segura.

O artigo 25.2 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local dispón, como competencias propias dos municipios, o tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade.

O Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, no seu artigo 50 regula os límites de velocidade en vías urbanas e travesías e dispón que *La velocidad máxima que no deberán rebasar los vehículos en vías urbanas y travesías se establece, con carácter general, en 50 kilómetros por hora, salvo para los vehículos que transporten mercancías peligrosas, que circularán como máximo a 40 kilómetros por hora.*

Estos límites podrán ser rebajados en travesías especialmente peligrosas por acuerdo de la autoridad municipal con el titular de la vía, y en las vías urbanas, por decisión del órgano competente de la corporación municipal.

Á vista de todo o anterior, en virtude das competencias que legalmente me foron delegadas pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado na súa sesión do 28.06.2019 (BOP núm. 124 do 03.07.2019), e no exercicio das funcións atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, ditei a seguinte

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Limitar a velocidade a un máximo de 10 km/ h para todos os vehículos, en todas as vías urbanas do termo municipal da Coruña, que sexan de circulación de sentido único e un só carril de circulación, en horario de 6 a 10 horas os fines de semana e festivos, e de 20 a 23 horas todos os días da semana.

SEGUNDO. A duración desta limitación de velocidade será desde o día seguinte á súa aprobación e mentres dure ou proceso de desescalada dá reclusión para combater ou Coronavirus.

A Coruña, na data da firma dixital deste documento

Por delegación da Xunta de Goberno Local

O Concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade